

BEATRIZ CAO GONZALEZ, SECRETARIA INTERVENTORA DO CONCELLO DE TOÉN

CERTIFICO:

Que por Xunta de Goberno Local de 10.05.2023 se adoptou, o acordo que de seguido se transcribe na súa literalidade:

“6.1.CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE TOÉN E A FUNDACIÓN AMIGOS PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE INTERESE SOCIAL.

Neste asuntos ponse en antecedentes que o ano anterior se lle concederon 1000 euros sendo pagados 900 euros e segundo o acordo da Xunta de Goberno Local de 01.07.2022.... que a achega sería de 1000 euros pero que as limitacións oramentarias fan que os 100 euros restantes se satisfagan no convenio que se asine no ano 2023-

Tendo en conta o antecedente, existe consignación orzamentaria de 1200 euros si ben existen necesidades de emerxencia social polo que si se achegan 1000 euros máis os 100 euros do ano 2022 segundo acordo da Xunta de Goberno Local, quedarían 100 euros para cubrir necesidades de emerxencia.

Tendo en conta o anterior

O Sr. Alcalde somete a seguinte Proposta para a súa aprobación :

“Proposta de Alcaldía de Convenio de Colaboración entre o Concello de Toén e a Fundación Amigos de Galicia para o desenvolvemento de actividades de interese social.

Elévase a Xunta de Goberno Local para o seu estudio e aprobación no seu caso.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE TOÉN E A FUNDACIÓN AMIGOS DE GALICIA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE INTERESE SOCIAL.

En Toén, a 25 de abril de 2023

REUNIDOS

Dunha parte, D. **Ricardo González Gómez** , actuando no seu nome e representación do Concello de **Toén** e sendo o N.I.F. do Concello **P3208200J** ;

Doutra parte, D. **Ramiro José F. Varela Cives** con D.N.I. **33.167.791-C**, en calidade de Presidente da Fundación Amigos de Galicia, sendo o N.I.F. da Fundación **G15859911**, con domicilio sito en Avenida de Portugal nº59 - Ourense.

MANIFESTAN

Primeiro.- Que o Concello de Toén, de acordo co previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, pode conceder de forma directa, con carácter excepcional, aquelas outras subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.



Segundo.- Que ambas partes teñen plena capacidade e lexitimidade para formalizar este convenio.

Terceiro.- Que a vontade do Departamento de Servizos Sociais do Concello de Toén, así como da Fundación Amigos de Galicia é incidir na mellora da inclusión social das persoas e grupos de especial vulnerabilidade na loita contra a pobreza, cumprindo así co **obxectivo número un da ODS/2030** (Obxectivos de desenvolvemento sostible), tamén coñecidos como obxectivos mundiais - son un chamado á acción global para acabar coa pobreza, protexer o planeta e garantir a paz e prosperidade de todas as persoas-.

Cuarto.- Que é recoñecida a traxectoria da entidade no Concello de Toén, na colaboración co departamento de servizos sociais e a adicación aos colectivos en risco de exclusión social.

Que as axudas que presta a Fundación Amigos de Galicia supoñen un conxunto de actuacións destinadas a cubrir as necesidades básicas das persoas e familias que o requiran e así se valore polo Departamento de Traballo Social do Concello de Toén. Comprende a atención alimentaria, vestimenta, produtos de hixiene e limpeza, así como atencións de urxencia sobrevida.

Quinta.- Que ante o interese coincidente, as dúas partes acordan formalizar e asinar este convenio de colaboración que se axustará as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. FUNDAMENTO LEGAL

O artigo 22.2 a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

SEGUNDA. OBXECTO E PERÍODO DE VIXENCIA DO CONVENIO.

A presente subvención ten por obxecto o desenvolvemento do **“Plan Integral de Loita contra a Pobreza e a Exclusión Social”** no cal se leva a cabo a distribución de alimentos e outros produtos de primeira necesidade ás familias en situación de carencia de recursos económicos, sendo de interese público, social e/ou humanitario.

- Reparto de produtos alimenticios básicos encauzados á cobertura das necesidades básicas das unidades familiares e en especial dos menores.
- Reparto de produtos non alimenticios (hixiene e limpeza do fogar, vestimenta e/ou calzado, mobles e enseres, etc).
- Reparto de material escolar necesario para que os nenos e nenas poidan desenvolver os seus estudos en igualdade de condicións.
- Reparto de presentes navideños para os fillos e fillas das familias atendidas, co obxectivo de que ningún/ha neno/a se quede sen agasallo no Nadal.

O Convenio terá un período de vixencia de 12 meses, dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2023.

TERCEIRA. BENEFICIARIOS/AS



*Os/As principais beneficiarios/as das axudas expostas neste convenio son persoas pertencentes a colectivos en situación de especial vulnerabilidade, entre os que se atopan **mulleres vítimas de violencia de xénero, familias monoparentais e monomarentais, parados/as de longa duración, menores en situación ou risco de exclusión social e persoas maiores. A entidade executa dito programa para alcanzar a integración laboral das persoas usuarias do programa, como solución real á situación de necesidade na que se atopan.***

As unidades familiares que reciban dita axuda tamén poderán beneficiarse doutros recursos que executa a entidade a través doutros programas (atencións psicolóxica, fenda dixital en menores e maiores, material escolar, etc.)

A axuda que a Fundación Amigos de Galicia recibe por parte do Concello está destinada a reforzar o apoio ás persoas/familias máis desfavorecidas do municipio. Este apoio concrétese, previa derivación por parte dos/das traballadores/as sociais do Concello de Toén, no reparto de produtos alimenticios, de aseo persoal e do fogar, así como, doutras coberturas urxentes e de primeira necesidade.

CUARTA. NÚMERO DE BENEFICIARIOS/AS.

O nº de familias beneficiarias do “Plan Integral de Loita contra a Pobreza e a Exclusión Social” no Concello de Toén é de 3 familias. No caso de que se derive un nº de familias maior ao acordado, solicitarase autorización previa á entidade.

QUINTA. CRÉDITO ORZAMENTARIO

O Concello de Toén preveu nas Bases de Execución do Orzamento unha subvención (nominativa/directa) á Fundación Amigos de Galicia por un importe de -----, con cargo á aplicación orzamentaria -----.

A antedita cantidade debe destinarse única e exclusivamente ao financiamento dos gastos que se especifican na memoria e no orzamento de gastos que presenta a entidade.

SEXTA. GASTOS SUBVENCIONABLES

Serán subvencionables os gastos derivados do desenvolvemento da antedita actividade, ata un máximo de 1000€ e que se realicen dentro do período de vixencia do presente convenio.

Terá a consideración de gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación.

Dita aportación é compatible con outras subvencións ou axudas doutras administracións ou entes públicos ou privados, que poida percibir a entidade beneficiaria. Non obstante, o importe da subvención concedida, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións doutros organismos públicos ou privados supere o custo da actividade executada.

SÉPTIMA. DOCUMENTACIÓN

Para a formalización do presente convenio, deberá achegarse a seguinte documentación:

- I. Acreditación da natureza da entidade mediante a presentación da tarxeta fiscal.*
- II. Acreditación da personalidade do seu representante mediante a presentación da copia do Dni da persoa que vai a subscribir o presente convenio.*





- III. *Memoria explicativa das actividades que se pretenden levar a cabo coa subvención, incluíndo un orzamento detallado dos gastos ocasionados polas actividades para as que se solicita a subvención e dos ingresos previstos para o seu financiamento.*
- IV. *Declaración xurada de se foron solicitadas ou non outras subvencións para a mesma finalidade, procedentes das distintas administracións públicas ou calquera dos seus organismos dependentes, entes ou sociedades, ou doutros organismos privados.*
- V. *Certificación acreditativa de que a entidade está ao corrente das súas obrigas tributarias en xeral (Estado e Comunidade Autónoma), e en concreto, co Concello de Toén, e coa Seguridade Social.*
- VI. *Declaración responsable de non estar incurso a entidade en ningunha das causas que determina o artigo 13.2 da Lei 38/2003 xeral de subvencións.*
- VII. *Certificación dos datos bancarios.*

No caso de que algunha da antedita documentación obrase en poder do Concello, exímese da súa presentación.

En todo caso, a devandita documentación deberá constar no momento da sinatura do presente convenio.

OITAVA. OBRIGAS DA ENTIDADE BENEFICIARIA

Son obrigas da entidade beneficiaria:

- *Levar a cabo as actividades que se establecen na memoria presentada ao efecto da obtención desta subvención.*
- *Cumprir coas obrigas que veñen impostas pola normativa reguladora das subvencións públicas.*

NOVENA. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

Para a xustificación das cantidades asignadas neste convenio, deberá presentarse a seguinte documentación antes do 31 de decembro de 2023:

- a) *Memoria explicativa e detallada das actividades que se realizaron, con expresa mención do número e contido das intervencións realizadas. Incluírase tamén unha relación dos gastos ocasionados polas actividades que se realizaron e dos ingresos que se obtiveron para as ditas actividades.*
- b) *Acreditación do cumprimento de facer constar a colaboración do Concello de Toén en toda a información que se faga das actividades subvencionadas (Web, carteis, etc.).*
- c) *Declaración xurada que acredite o cumprimento da finalidade da subvención mediante a realización das actividades para as que se concedeu a subvención.*
- d) *Declaración xurada que acredite que non se obtivo ningunha outra subvención ou axuda para a mesma finalidade, ou, polo contrario, onde conste unha relación detallada doutras subvencións ou axudas concedidas para a mesma finalidade.*
- e) *Conta xustificativa e orixinal das facturas representativas dos gastos realizados. As facturas deberán cumprir os requisitos esixidos polo Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o regulamento onde se regulan as obrigas de facturación.*
- f) *Xustificantes de pagamento dos gastos mediante extractos ou certificacións bancarias nos que conste o beneficiario, o importe e a data de pagamento. Excepcionalmente, no caso de que o pagamento se efectuase en metálico (forma de pago non admitida para os*





gastos de importe superior a 600 euros) achegarase declaración xurada do tesoureiro da entidade sobre este extremo na que se recollerá unha relación dos pagos efectuados en metálico sinalando; número de factura, concepto, importe e data de pago.

- g) Declaración xurada de que a entidade atopase ao corrente das súas obrigas tributarias en xeral (Estado e Comunidade Autónoma), co Concello de Toén, coa Seguridade Social, AEAT, Facenda e que non é debedor por resolución de procedencia de reintegro.*

De non presentar a xustificación no prazo establecido, ou non desistir de forma voluntaria por escrito no mesmo prazo, será requirida á entidade beneficiaria para a súa emenda e posterior presentación (artigo 70 do RD 887/2006). A falta de presentación no prazo de 15 días dende o requirimento, dará lugar a que pola alcaldía se inicie expediente de anulación do correspondente compromiso.

Este prazo entenderase sen prexuízo do prazo de dez días, que se concederá no caso de presentación de documentación incompleta ou defectuosa para a súa rectificación.

DÉCIMA. MODIFICACIÓN

Toda alteración das condicións que se tiveran en conta para a concesión desta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou estranxeiros, poderá dar lugar á modificación da contía da axuda que se contempla neste convenio.

UNDÉCIMA. CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento da calquera das cláusulas establecidas no presente convenio.*
- A Aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.*
- A falta de xustificación das contías recibidas.*

DUODÉCIMA. NATUREZA

O presente convenio ten natureza administrativa, as resolucións que se adopten porán fin á vía administrativa, polo tanto, contra elas só cabe recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa.

DÉCIMOTERCEIRA. SEGUIMIENTO DAS ACTIVIDADES SUBVENCIONADAS

É obriga da entidade beneficiaria da subvención segundo establece a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia no seu art. 11 apartado c) “someterse ás actuacións de comprobación, a efectuar polo órgano concedente o a entidade colaboradora, no seu caso, así como a calquera outra actuación, sexa de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, ... aportando tanta información sexalles requirida...”. Polo que deberá facilitar os medios materiais e persoais, cando sexa requirido polos técnicos/as municipais, có fin de permitir o correcto seguimento da actividade subvencionada.

DÉCIMOCUARTA. LINGUA EMPREGADA

Todos os documentos que se deriven deste convenio entre o concello e a Fundación Amigos de



Galicia redactaranse en lingua galega e empregando unha linguaxe inclusiva (eliminando estereotipos sexistas), así como, en toda presenza pública (publicidade, carteis, etc.) que as partes que convenían realicen referentes ao asunto deste convenio.

DÉCIMOQUINTA. DIFUSIÓN

Lei 38/2003.- *O beneficiario deberá dar publicidade das subvencións e axudas percibidas nos termos e condicións establecidos na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. No caso de que se faga uso da previsión contida no artigo 5.4 da citada Lei, a Base de Datos Nacional de Subvenciones servirá de medio electrónico para o cumprimento das obrigas de publicidade.*

O beneficiario queda obrigado a reflexar, en toda a publicidade que utilice para a difusión da actividade, a constancia de colaboración económica do Concello, nas condicións que lle sexan fixadas polos/as responsables da Área de Comunicación. Asemade, o concello fará constar na súa publicidade a colaboración da Fundación Amigos de Galicia.

DÉCIMOSEXTA. PROTECCIÓN DE DATOS

En cumprimento coa normativa reguladora dos datos de carácter persoal, ambas partes comprométese a cumprir, nos termos en que sexan de aplicación, o establecido na Lei 15/1999, de Protección de Datos de Carácter persoal e lexislación aplicable.

Nestes termos queda redactado o presente convenio, no contido do cal as partes intervintes se afirman e ratifican, asinándoo, por duplicado e a un só efecto, na data no encabezamento expresada.”.

Logo da súa lectura e explicada por Alcaldía o Sr. Alcalde sométea a votación da Xunta de Goberno Local resultando arpobada por unanimidade dos membros presentes aprobando achega de 1000 euros deste ano 2023 máis os 100 euros do anterior ano 2022, quedando 100 euros para outras emerxencias sociais.”

E para que conste e produza os efectos oportunos, expido a presente certificación por orde e co visto e praxe do alcalde.

(Documento asinado electronicamente na marxe)

